

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER

DECRETO.- No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de animador/a sociocultural aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 3 de marzo de 2021 (incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Sober para o ano 2020 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal.

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 25 de maio de 2021 onde se acorda aprobar a lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos.

Logo de ver que nas bases da convocatoria (B.O.P. nº: 57 de 11.03.2021) para a provisión dunha praza de animador/a sociocultural que a lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodesober.com) antes da realización do primeiro exercicio.

Logo de ver as notificacións practicadas ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición dunha praza de animador/a sociocultural.

ACORDO:

PRIMEIRO: Convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de dunha praza de animador/a sociocultural para a constitución do tribunal da fase de concurso para o día 11 de xuño de 2021 as 13.30 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n 27460 Sober .Lugo.

O Tribunal estará integrado polos seguintes titulares:

Presidenta: Dona Nadia Díaz Vázquez. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación dos Concellos de Taboada-Guntín.

Secretario: Don David Criado Taboada. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

Vogal 1º: Dona Laura Estrada Pérez. Laboral fixo. Traballadora social do Concello da Pobra de Brollón.

Vogal 2º: Dona Julia Fernández Garza. Laboral fixo. Bibliotecaria do Concello de Sober.

Vogal 3º: Don Carlos Losada Rodríguez. Laboral fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

No suposto de incomparecencia de algún dos membros titulares do tribunal por motivos xustificadas, manifestarase ao Concello de Sober con unha antelación de un día a data de convocatoria.

SEGUNDO: Convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de dunha

Concello de Sober

Praza do Concello s/n, 27460 - Sober (Lugo) Tlf: 982 460 001 Fax: 982 460 002
e-mail: info@concellodesober.com



praza de animador/a sociocultural para a elaboración e custodia dos exercicios da fase de oposición para o día 11 de xuño de 2021 as 13.45 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n 27460 Sober .Lugo.

TERCEIRO: Convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de dunha praza de animador/a sociocultural para a valoración da fase de concurso para o día 11 de xuño de 2021 as 14.15 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n 27460 Sober .Lugo.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Luis Fernández Guitián; en Sober, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Ante min, o Secretario

Luis Fernández Guitián

David Criado Taboada

